

Estudo de inserción laboral dos titulados no SUG. O acceso ao emprego.

S. Naya¹, M.J. Lombardía¹, B. Fernández de Castro², V. Carreira², J.M. Matías³, P. Faraldo⁴ e R. Crujeiras⁴.

¹Dpto. Matemáticas. Universidade da Coruña.

²Caixa Galicia. ³Dpto. Estatística e Investigación Operativa. Univ. Vigo

⁴Dpto. Estatística e Investigación Operativa. Univ. Santiago de Compostela.

RESUMEN

O obxectivo deste estudo é comprobar o grao de inserción laboral dos titulados polo Sistema Universitario de Galicia (SUG) nos últimos anos: coñecer a opinión dos titulados sobre a súa situación laboral, a realidade da mesma en termos de salario, tipo de contrato ou competencias requiridas e os posibles atrancos cos que se atoparon no proceso de inserción no mercado de traballo. Estes factores estúdanse para o global dos titulados no SUG, e desagreganse por ramas de coñecemento. A finalidade é obter unha visión retrospectiva sobre a Universidade, dende o punto de vista dos titulados. Esta información pode resultar de crucial importancia para que a institución universitaria deseñe as súas estratexias, tanto académicas, no momento de deseño dos novos plans de estudos no marco do EEES, como de xestión de recursos e servizos para o alumnado. Neste traballo expóñense os apartados do traballo relacionados coa busca de emprego.

Palabras clave: Inserción Laboral, titulados universitarios, mercado de traballo.

1. INTRODUCCIÓN

A construción dun Sistema Educativo Superior adecuado aos cambios do século XXI, suscitou a finais dos noventa e nestes principios do novo século numerosos foros, estudos e documentos de traballo onde se plasma a reflexión de expertos e diversos axentes sociais sobre a misión, visión e valores que debe transmitir a Universidade. Na Declaración da Unesco sobre Educación Superior no Século XXI, establécese que a misión da Educación Superior é a formación de profesionais altamente cualificados, que actúen como cidadáns responsables, competentes e comprometidos co desenvolvemento local e social. Para cumprir con esta misión, os pilares sobre os que se sustenta a educación, en todos os seus niveis, defínense como: aprender a coñecer, aprender a facer e aprender a convivir e a ser. É con estas premisas coas que se aborda tanto a actividade tradicional do ensino, a través da transmisión de coñecementos do profesor ao alumno, como a visión práctica do mesmo, mediante a capacitación do estudante para afrontar distintas tarefas, ao tempo que se desenvolve a capacidade de convivencia e comprensión doutras realidades sociais e culturais.

A proxección de todos estes elementos, serviron para configurar no ano 1998, a través da Declaración de Bolonia, o novo Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) no que se adopta unha nova estrutura para o ensino universitario e onde se implantan os títulos de Grao e Máster. Esta nova organización non responde simplemente a un cambio estrutural, se non tamén a un cambio metodolóxico e unha actualización da misión da Universidade, tendo en conta a súa importancia no contexto socioeconómico inmediato. Porén, para o desenvolvemento estratéxico dunha institución universitaria deben terse en conta tres eixos principais: docencia, investigación e conexión coa sociedade, non só a través da transferencia tanto de coñecemento como contemplando accións de responsabilidade social.

Dentro do proxecto Trends V (European University Association) a empregabilidade dos titulados considérase como prioridade principal, xunto coa dimensión social da Universidade. Para acadar estes obxectivos, débese asegurar unha mellor profesionalización dos titulados, polo que se fai necesario formar titulados coas competencias adecuadas para inserirse no mercado de traballo de forma satisfactoria. Ademais, o dinamismo e competitividade da que se pretende dotar á sociedade europea a partires da Axenda de Lisboa, ten o seu

fundamento na xeración de coñecemento e na formación de cidadáns con capacidade de emprendemento e innovación.

Tratando de favorecer a participación dos titulados coa súa opinión no deseño das políticas universitarias, o que sen dúbida contribuirá á mellora na empregabilidade das futuras promocións, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) vén levando a cabo unha serie de estudos que contribúen a coñecer a realidade da situación laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia (SUG). Por unha banda, aportan información sobre as características dos postos de traballo que ocupan os nosos titulados, poñendo de manifesto a capacidade que o mercado de traballo da contorna socioeconómica inmediata posúe para a absorción dos titulados formados no SUG, proporcionando asemade unha medida da cohesión social. Entre outras características analizadas figuran as competencias e coñecementos que os titulados deben posuír para o desempeño efectivo do emprego. O coñecemento das competencias requiridas resulta de grande interese para o deseño dos novos títulos universitarios de Grao e Máster, cuxos programas formativos non se basean só en coñecementos, senón tamén en competencias.

O deseño das novas titulacións en termos de competencias, atopa o seu argumento principal en que nos atopamos inmersos na Sociedade do Coñecemento, onde a aprendizaxe debe entenderse de maneira continuada ao longo da vida, e onde se debe fomentar unha formación integral, potenciando todas as intelixencias dos estudantes.

2. DATOS TÉCNICOS DO ESTUDO

A poboación de interese está constituída polos titulados no Sistema Universitario de Galicia durante o curso académico 2005-2006, continuando na liña dos estudos anteriores levados a cabo pola ACSUG.

Universidade	Poboación	Mostra
A Coruña	3443	1880
Santiago	3937	1987
Vigo	2900	1495
TOTAL	10280	5362

Tabla 1: Titulados no SUG no curso 2005-2006. Tamaños de poboación e mostra

Considéranse as seguintes ramas de coñecemento: Ciencias da Saúde, Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas (I, II, III e IV) e Artes e Humanidades (I e II). A unidade de mostraxe e a unidade informante son a mesma: cada un dos titulados no SUG durante o curso analizado (2005-2006). A estes accedeuse a través de listaxes proporcionadas por cada unha das universidades.

O deseño da mostra fíxose mediante unha mostraxe estratificada, determinando a mostra por titulación e campus. O tamaño calculouse para a estimación de parámetros de proporción na poboación, cun erro máximo absoluto do 10% en titulación e campus. As enquisas realizáronse mediante entrevista telefónica, fixando un número máximo de 5 chamadas por titulado, escollendo estes de xeito aleatorio. O cuestionario é o mesmo que se utilizou para o PIL 2003-2005, e garda moitas similitudes co do PIL2001-2003, co obxectivo de facer os resultados comparables. O traballo de campo foi realizado por CALLCENTER, Centro de Atención de Llamadas S.A., dende o 5 ata o 30 de maio de 2008.

3. ACCESO AO MERCADO LABORAL

No proceso de inserción laboral dos titulados universitarios, poderíamos distinguir dúas fases principais: o acceso ao emprego e a situación laboral acadada. Para describir o período de busca de emprego (relacionado coa titulación estudada) recóllese a análise das distintas vías de busca utilizadas e da súa efectividade, así coma da vía propiciatoria do primeiro emprego. Tamén se abordan outras cuestións coma poden ser a importancia que os titulados outorgan a certos factores á hora de conseguir un emprego, as dificultades que teñen para conseguir o primeiro posto de traballo, observando o tempo que tardan unha vez rematados os seus estudos, ou os motivos que poden ter para chegar a rexeitar unha oferta laboral.

Os titulados do SUG que buscaron traballo relacionado coa titulación estudada valoran o grao de utilización de distintas vías á hora de buscar emprego. Para cada unha delas, solicitouse unha puntuación entre 1 (Nada) e 5 (Moito). Na Figura 1 obsérvanse as valoracións globais do SUG para as distintas vías. Destacan como as máis

utilizadas Internet e Candidatura espontánea, cunha puntuación de 3,52 e 3,41, respectivamente. Outras que tamén destacan son Familiares/amizades e Resposta a un anuncio de traballo en prensa. As vías menos utilizadas polos titulados do SUG son OSIX (1,19), Pór anuncios (1,24), Consultorías (1,32), e finalmente, Autoemprego (1,37).




Figura 1: Utilización das vías de busca de emprego. Valoración media dos titulados no SUG que buscaron emprego relacionado coa titulación estudada (1=Nada, 5=Moito).

Despois da análise sobre a utilización das distintas vías á hora de buscar emprego, é interesante coñecer por cal delas chegaron a conseguilo. Para elo, preguntóuselles aos titulados que buscaron emprego relacionado coa titulación estudada cal foi a vía pola que atoparon o seu primeiro emprego (Figura 2).




Figura 2: Vía propiciatoria do primeiro emprego dos titulados no SUG.




Figura 3: Porcentaxe de primeiros empregos propiciados por cada vía, sobre os titulados que atoparon emprego por algunha delas. Distribución por ramos de coñecemento.

Na Figura 3 pódense observar as diferenzas que existen entre as ramas en relación á vía pola que se atopan os primeiros empregos. Así, temos que para catro das nove ramas, a vía pola que máis primeiros empregos se conseguen é a Candidatura espontánea; para outras tres, Familiares/amizades; os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas I destacan a vía de Internet e; por último, os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas IV consideran que se acadan máis empregos mediante a Prolongación das prácticas. Tamén cabe salientar que as ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas III e de Ciencias da Saúde teñen unha porcentaxe de primeiros empregos propiciados por Presentación a oposición/concurso público moi superior ás outras ramas e ao total do SUG, cun 16,25% e un 14,73%, respectivamente, máis acorde ao tipo de emprego ao que se accede dende estas ramas de coñecemento.

4. EFECTIVIDADE DAS VÍAS DE BUSCA DE EMPREGO

Unha vez estudado o grao de utilización das distintas vías de busca de emprego e os titulados que o atoparon por cada unha delas, resulta de interese facer o cruce entre estas dúas análises para ter unha medida de efectividade das vías. Así, se ten un alto grao de utilización pero unha baixa porcentaxe de empregos acadados, diremos que é unha vía pouco efectiva. Pola contra, se mediante unha determinada vía conséguese unha alta porcentaxe de primeiros empregos a pesares de que non é moi usada, dise que é unha vía cunha alta efectividade.

Na Figura 4 represéntase a efectividade das distintas vías de busca de emprego para os titulados do SUG. O eixo horizontal representa a porcentaxe de primeiros empregos, mentres que o eixo vertical dá unha medida da utilización das vías. Desta gráfica conclúese que as vías máis efectivas son Familiares/amizades e Candidatura espontánea, por teren unha alta porcentaxe de empregos e un grao de utilización intermedio. Tamén se observa que para o global do SUG, a vía Internet non é tan efectiva xa que a pesares de que é a máis utilizada, a porcentaxe de primeiros empregos acadados mediante ela é intermedia.




Figura 4. Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados para o SUG.

As vías máis efectivas para a maioría das ramas de coñecemento son Familiares/amizades e Candidatura espontánea, pola alta porcentaxe de empregos acadados cun grao de utilización intermedio/alto. Pero, na rama de Ciencias Sociais e Xurídicas I, esta vía acada unha menor porcentaxe de emprego mentres que Internet aumenta a súa efectividade en relación co global do SUG. Nesta rama tamén destaca FEUGA por ter unha maior efectividade en comparación co resto.

5. CONCLUSIONS: PERFIL DUN TITULADO DO SUG

Recopilando os resultados dos distintos puntos analizados no estudo pódese describir o perfil dun titulado tipo do SUG.

- Un titulado do SUG do curso 2005-2006 rematou os estudos nos anos estipulados no plan (45%) ou en dous anos máis (36%), dedicándose ao estudo a tempo completo (64%), e no momento da realización da enquisa non ten rematados estudos de terceiro ou posgrao. Se realizou prácticas externas considéraas moi positivas para a inserción laboral.
- Para atopar emprego utilizou Internet e a candidatura espontánea, aínda que o atopou, en pouco máis de 5 meses, mediante familiares ou amizades. Os tres factores que considera máis valorados á hora de conseguir un emprego son: ter mobilidade xeográfica, ter experiencia laboral relacionada e a actitude durante a entrevista. De rexeitar algunha oferta de traballo, fíxoo pola existencia dunha oferta mellor ou por considerar a oferta económica inadecuada.
- No momento da enquisa estaba traballando, e xa tivera 3 contratos en 2 empresas diferentes. Se continua os seus estudos (32%) afirma querer estar en mellores condicións para atopar emprego ou promoción laboral. En xeral, o titulado do SUG pensa que a situación laboral é acorde ao esforzo realizado na carreira e considérase valorado pola empresa. Considera adecuado o seu nivel retributivo, percibindo un salario medio de 1176 € mensuais.
- A zona xeográfica é sen dúbida o aspecto do traballo co que os titulados están máis satisfeitos, se traballa fora de Galicia é principalmente por ter mellores ofertas no exterior. O que máis valora para o seu posto de traballo é a motivación, a capacidade para a aprendizaxe e a capacidade para resolver problemas.
- Un titulado do SUG repetiría o seu itinerario académico na maior porcentaxe dos casos, é dicir, de volver a comezar, cursaría a mesma titulación na mesma universidade

REFERENCIAS

Proxecto de inserción laboral dos titulados polo Sistema Universitario de Galicia 1996-2001. ACSUG (2004).

Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003. ACSUG (2006).

A demanda de titulados por parte das pemes galegas. ACSUG (2007).

Accedendo ao mercado laboral: un estudo por titulacións 1996-2003. ACSUG (2007).

Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-2005. ACSUG (2008).

Resumo Executivo: Programa REFLEX. www.aneca.es

Observatorio de inserción laboral de ANECA: <http://www.insercionlaboral.net/>